2.- Sistema de bolsas controlado por voluntarios que seguirán o proceso de desinfección de asas, pulverizando cun virucida ou desinfectante autorizado as asas das mochilas tanto na recollida coma antes da súa devolución ao/á deportista.

*** Procedemento**

-Mampara protectora ou pantalla para staff

-Uso de máscara para todo o persoal implicado staff, deportistas (axudantes/guías) e voluntarios

-Dispoñibilidade de xel hidroalcohólico para lavado de mans continuo

- Horarios por saída para recollida e devolución

- Entrega de bolsa co paquete de carreira para minimizar a entrega de material, evitar ao máximo a contaminación entre bolsas no espazo de roupeiro que a ser posible será aberto e/ou ventilado.

- Uso de marcas no chan indicando a distancia interpersoal de 1,5 m. e fluxos de entrada e saída

-Entrega/recollida:

- O deportista coloca a bolsa numerada na mesa.
- O voluntario hixieniza con produto desinfectante as asas e coloca a bolsa no espazo de roupeiro.
- Uso de xel hidroalcohólico para lavado de mans continuo entre recollidas

XERAÑ

-Tomarase a temperatura corporal aos asistentes ao acceso á instalación con termómetro infrarroxo
- Xel hidroalcohólico a disposición nas entradas e zonas de competición
- Uso obrigatorio de máscara, salvo o momento da competición
- Todo o material que a organización entregue aos deportistas deberá estar embolsado hermeticamente a ser posible (dorsais, avituallamento,…)

Natación

- Delimitar rutas de acceso e saídas ao vaso separadas

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

-Límite de aforo dentro do vaso realizando diferentes horarios para o quecemento.
- Manter a distancia interpersoal de 1,5 m.
-Non compartir material de uso persoal toallas, bañadores, gafas ou calquera outro material

ESGRIMA

-Delimitar e sinalizar rutas de acceso e saídas ao pavillón
- Acceso á área de competición só para xuíces e deportista
-Obrigatorio manter distancia interpersoal de 1,5 m.
- Prohibido compartir material caretas, guantes ou armas.
-O saúdo ao rival e ao árbitro/xuíz realizarase usando saúdo das artes marciais
Dende a liña de posta en garda.
-Obrigatorio o uso de mascara ou outro sistema homologado durante os asaltos de esgrima.
-Xel hidroalcohólico a disposición nas mesas e entradas

LASER RUN

-Delimitar e sinalizar rutas de acceso e saídas da área separadas
- Acceso á área de competición só para xuíces e deportista
-Obrigatorio manter distancia interpersoal de 1,5 m.
- Prohibido compartir material pistolas
- Desinfección das mesas de tiro entre series de láser run.
-Xel hidroalcohólico a disposición nas mesas e entradas

HÍPICA

-Delimitar e sinalizar rutas de acceso e saídas da área separadas
Ao recinto de competición.
-Os responsables das instalación deberán garantir a hixiene e desinfección das mesmas supervisado por organizadores da competición. En todo caso remitirse ao protocolo establecido para o deporte da Hípica.

Protocolo entrega de trofeos

Un voluntario/a prepara os trofeos/ medallas nunha bandexa. Debe levar máscara e usar xel hidroalcohólico frecuentemente e entre cada entrega.

Os trofeos/ medallas Poranse sobre unha bandexa. A autoridade collerá a bandexa e ofreceralla para que cada deportista colla o seu trofeo ou medalla.

Unha soa autoridade por cada podio que se entrega. Debe levar máscara e desinfectar as mans con xel hidroalcohólico que estará a disposición nesta zona.

A bandexa desinfectarase entre cada entrega

No podio deberá haber 2 metros entre deportistas.

Todo o persoal involucrado con máscara e mantendo a distancia de seguridade.

A zona estará valada no total do perímetro e separada da zona de espectadores que tamén estará delimitada e onde se deberá controlar que se manteña a distancia interpersoal de 1,5 m.

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

Prepararanse cadeiras a 2 m. para aloxar aos premiados ata o momento de subida ao podio. As cadeiras deben ser desinfectadas antes e despois do seu uso.

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

5.1.2.-TÁBOAS PROTOCOLOS PREVENCIÓN COVID19

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno

Especialidade PENTATLON MODERNO

NORMAS XERAIS

- **Toma de temperatura a deportistas, staff e oficiais no evento**
- **Manter sempre a distancia interpersoal de 1,5 m.**
- **Uso obrigatorio da máscara en todo momento, coas excepcións establecidas neste protocolo para os deportistas e unicamente no momento da práctica deportiva no adestramento e competición.**
- **Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.**
- **Evitar o contacto físico.**

ADESTRAMENTOS.-

Os adestramentos poden desenvolverse de xeito individual ou colectivo, sempre sen contacto físico e garantindo o mantemento da distancia interpersoal de 1,5 metros en todo momento. En ningún caso poderán coincidir máis de 25 persoas (deportistas + staff) de forma simultánea.

Recoméndase a división en subgrupos de máximo 6-8 persoas para a práctica deportiva.

Nas instalacións deportivas ademais, non se poderá superar os 2/3 de aforo para a práctica deportiva.

MOMENTO	AXENTE	TIPO CONTAXIO	TIPO TRANSMISIÓN	DESCRICIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS CORRECTORAS
Adestramento - Antes	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Traslado á zona de adestramento en vehículo compartido (turismo, furgoneta, etc.)	1. Emprego de máscaras. 2. Recoméndase non compartir vehículo 3.Manter o distanciamento entre deportistas non convivintes 4. Desinfección de mans 5. Desinfección previa do vehículo en partes como cintos, brazos das portas, etc.
Adestramento - Antes	Deportistas	Contacto	Espazos de uso simultáneo	Uso de duchas, vestiarios	1.- Recoméndase non utilizar vestiarios. cambiarse de roupa na casa. 2.- O uso do vestiario axustarase á normativa da instalación e en todo caso estará limitado a un número de persoas que permitan manter a distancia interpersoal de

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					1,5 m. recomendando ampliar a mesma [A15][A16] 1.- Recoméndase non utilizar vestiarios. cambiarse de roupa na casa e especialmente o uso da ducha 2.- No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. 3.-No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. -Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. -Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberan levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. -Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a mascara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. -Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					vestiario
Adestramento - Antes	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Bolsas e mochilas con equipamento	1. Non compartir bolsas, mochilas ou calquera outro material de adestramento 2. Desinfectar asas de mochilas e almacenalas se é posible en vehículo particular. 3.- En caso de deixalas nun espazo ao aire libre manter a separación das mochilas. 4.- Non compartir material 5.- Desinfección de material antes e despois do uso
Adestramento - Antes	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Traslado á zona de adestramento en vehículo compartido (turismo, furgoneta, etc.)	1. Emprego de máscaras 2. Desinfección de mans 3. Cumprir as normas actuais sobre desprazamento en vehículos para persoas que non conviven 4. Desinfección previa do vehículo en partes como cintos, brazos das portas, etc.
Antes / Desprazamento e almacenaxe	Deportista	contacto	Material deportivo de uso simultáneo	Bolsas e mochilas con equipamento	1. Uso de máscaras e limpeza de mans con xel hidroalcohólico. 2. Manter distancia de 1,5 m. en todo momento 3. Non compartir bolsas, mochilas ou calquera outro material de adestramento 4. Desinfección de materiais antes e despois do uso 5. Colocación en espazos abertos sen que se mesturen os materiais persoais de deportistas ou deixar no vehículo particular

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

Adestramento - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Charla técnica e exercicios de quecemento	1. Aumentar a distancia interpersoal de 1,5 m. e retirar máscaras, no caso só de deportistas seguindo as medidas xerais establecidas, no último momento antes da práctica deportiva, gardándoas de xeito seguro. 2. Staff, persoal técnico, outro persoal involucrado en todo momento coa máscara.
Adestramento - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Adestramentos en instalacións deportivas	1. Cumprir en todo momento a normativa xeral establecida para adestramentos en instalacións deportivas, e a que se aplique a maiores en cada instalación en particular 2.Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. 3. Staff, persoal técnico, outro persoal involucrado en todo momento coa máscara.
Adestramento - Durante	Staff propio	Contacto	Material deportivo de uso Alterno	Adestramentos en instalacións deportivas	1. Non compartir material entre deportistas
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Charla técnica e exercicios de quecemento	1. Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. e retirar máscaras, no caso de deportistas, no último momento antes da práctica deportiva, gardándoas de xeito seguro. 2. Staff, persoal técnico, outro persoal involucrado, en todo momento coa máscara
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Natación en piscina	1. Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					2.- No caso de piscina, respectar as normas da instalación e en todo caso máximo de 6 deportistas por calle, mantendo distancia de seguridade de 1,5 m. incluídas as paradas entre series nos bordes da piscina ou corcheira. 3.- Recoméndase adestrar só co grupo de deportistas do club e non mesturarse con outro persoal alleo.
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Saída da auga e exercicios de estiramento	1. Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. e poñer máscaras en canto se finalice a actividade deportiva
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Adestramentos en instalacións deportivas	1. Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. 2.-Uso de máscaras en todo momento cando non se estea realizando práctica deportiva efectiva. 3.-Cumprir en todo momento a normativa xeral establecida para adestramentos en instalacións deportivas, e a que se aplique a maiores en cada instalación en particular
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Carreira a pé	1. Limítase a 20 o número máximo de deportistas adestrando por grupo 2.- Recoméndase establecer subgrupos máis reducidos de máximo 8 deportistas, que garantan manter a distancia mínima de 1,5 m en todo momento, adecuados ao espazo dispoñible para o adestramento. 3. Recoméndase

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					aumentar a distancia a 4 m. e correr en ángulo de 45º respecto dos outros deportistas cando non se poida manter a mesma. 3.- Gardar a máscara en lugar hixiénico para o seu uso obrigatorio antes e despois da práctica deportiva.
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Simultáneo	Natación en augas abertas	1. Máximo 8 deportistas por grupo. 2.Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento e retirar máscaras no último momento antes de entrar á auga. 3. Non compartir vestimentas, toallas, chanclas, pulsómetros, etc
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Material deportivo de uso Alterno	Adestramentos en instalacións deportivas	1. Non compartir material entre deportistas
Adestramento - Durante	Deportistas	Compartir alimentos e bebidas	Uso de botellas e vasos	Ciclismo	1. Non compartir nin bidóns nin líquidos entre deportistas
Adestramento - Durante	Deportistas	Compartir alimentos e bebidas	Comida e Víveres	Ciclismo	1. Non compartir nin comida nin víveres entre deportistas
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Realización da actividade	1. Quendas de utilización das máquinas e outro material, con limpeza e desinfección entre quendas. Máximo 6 deportistas por subgrupo 2. - Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. 3. - Na instalación debera haber información clara de pautas de aseo e normas de comportamento mediante cartelería, para minimizar o risco de contaxio

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

Adestramento - Despois	Staff propio	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Regreso a domicilio en vehículo compartido	1. Emprego de máscaras. 2. Recoméndase non compartir vehículo. 3.Manter o distanciamento entre deportistas non convivintes 4. Desinfección de mans 5. Desinfección do vehículo en partes como cintos, brazos das portas, etc
Adestramento - Despois	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Chegada e reunión no punto de finalización do adestramento	1. Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. e uso de máscara o antes posible
Adestramento - Despois	Deportistas	Aéreo	Espazos de uso simultáneo	Regreso a domicilio en vehículo compartido	1. Emprego de máscaras 2. Cumprir as normas actuais sobre desprazamento en vehículos para persoas que non conviven 3. Desinfección de mans 4. Desinfección posterior do vehículo en partes como cintos, brazos das portas, etc.
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Realización da actividade	1. - quendas de utilización das máquinas e outro material, con limpeza e desinfección entre quendas 2. - Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. 3. - Na instalación debera haber información clara de pautas de aseo e normas de comportamento mediante cartelería, para minimizar o risco de contaxio
Adestramento - Despois	Deportistas	Contacto	Espazos de uso simultáneo	Uso de duchas, vestiarios	[A17] 1.- Recoméndase non utilizar vestiarios. cambiarse de roupa na casa e especialmente o uso da ducha 2.- No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. 2.-No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. -Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. -Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberan levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. -Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a mascara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. -Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no vestiario
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa[A18][A19]	Natación	1. Obrigatorio manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento 2. Non se compartirán toallas, bañadores, gafas, nin outro tipo de material 3. o acceso a duchas e vestiarios será

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					determinado por os técnicos, supervisando as distancias de seguridade recomendadas
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Esgrima	1. Obrigatorio manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento 2. Non se compartirán caretas, guantes, armas nin outro tipo de material 3. Evitarase o contacto no saúdo ao rival, que se realizará usando o saúdo típico das artes marciais dende a liña de posta en garda 4. Obrigatorio uso de máscara ou calquera outro sistema homologado durante os asaltos de esgrima 5. Desinfectarase o material ao inicio e ao final da sesión de adestramento
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Láser-Run	1. Obrigatorio manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento. En carreira, evitarase ir á estela doutros deportistas 2. Non se compartirán pistolas ni ningún outro tipo de material 3. Implementarase a separación entre as mesas de tiro deixando un espazo baleiro en relación á situación normal. As mesas deberán ser desinfectadas ao inicio e ao final da sesión de adestramento
Adestramento - Durante	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Hípica	1 Uso de máscara de acordo ás medidas xerais establecidas no protocolo 2.- Manter a distancia interpersoal de 1,5 m. 3. Práctica do deporte de xeito individual 4. Os responsables das instalacións deberán garantir a hixiene en zonas comúns especialmente en todo o relativo á montura

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					(cadeiras, rendas) de acordo á lexislación sanitaria vixente que lles afecta. Non se recomendan, en caso contrario, sesións de adestramento 5 Desinfección de material antes e despois do uso 6 Lavado frecuente de mans con xel hidroalcohólico

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

COMPETICIÓN- MODALIDADE PÉNTATLON MODERNO

Normas xerais

- **Manter sempre a distancia interpersoal de 1,5 m. Os oficiais velarán polo cumprimento da norma durante a competición e a infracción desta norma será penalizada con advertencia á 1ª e descualificación á 2ª (anexo regulamento para probas no contexto COVID 19).**

- **Uso obrigatorio da máscara en todo momento, coas excepcións establecidas neste protocolo para os deportistas e unicamente no momento da práctica deportiva no adestramento e competición.**

- **En instalacións deportivas non se poderá superar os 2/3 de aforo para a práctica deportiva**[A20][A21] **e en ningún caso poderán coincidir máis de 25 persoas (deportistas+xuíces+ staff) de forma simultánea.**

MOMENTO	AXENTE	TIPO CONTAXIO	TIPO TRANSMISIÓN	DESCRICIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDAS CORRECTORAS
, Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Acceso áreas de competición	1. o permiso de acceso ás áreas de competición será autorizado en función do aforo e en ningún caso se superará os 2/3 da instalación o mesmo. A orde de prioridade será Xuíces, Atletas en competición, Técnicos e Espectadores 2. Tomarase a temperatura corporal a asistentes no acceso ás instalacións, con termómetro infrarroxo ou similar ao inicio de cada xornada 3. Disporanse, nos accesos, dispensadores de xel hidroalcohólico suficientes para todos os asistentes 4. Obrigatorio o uso de máscaras protectoras para todos os asistentes nas probas, incluso en espazos exteriores, a excepción dos deportistas no momento de competir. Non se permitirá a entrada sen ese requisito

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

Competición - Antes	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	material entregado a Os participantes	1. Deberá estar embolsado a ser posible de forma hermética. Evitarase o contacto directo entre quen entreguen e quen reciban. Todos os implicados deberán usar máscaras de protección
Competición - Antes	Deportistas	Contacto	Persoa a persoa	Acceso ás áreas de competición	1. o permiso de acceso ás áreas de competición será autorizado en función do aforo e en ningún caso se superará o 30% do mesmo. A orde de prioridade será Xuíces, atletas en competición, Técnicos e Espectadores 2. Tomarase a temperatura corporal aos asistentes no acceso ás instalacións, con termómetro infrarroxo ou similar ao inicio de cada xornada 3. Disporanse, nos accesos, dispensadores de xel hidroalcohólico suficientes para todos os asistentes 4. Obrigatorio o uso de máscaras protectoras para todos os asistentes nas probas, incluso en espazos exteriores, a excepción dos deportistas no momento de competir. Non se permitirá a entrada sen ese requisito
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Natación	1. Delimitaranse rutas de acceso e saídas ao vaso separadas 2. Limitarase o aforo dentro do vaso realizando diferentes horarios para o quecemento 3. Obrigatorio manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento 4. Non se compartirán toallas, bañadores, gafas e por defecto, ningún tipo de material
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Esgrima	1Delimitaranse rutas de acceso e saídas ao pavillón separadas

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

					2. Limitarase o acceso á área de competición unicamente a atletas e xuíces 3. Obrigatorio manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento 4. Non se compartirán caretas, guantes ou armas 5. O saúdo ao rival e xuíz realizarase usando o saúdo típico das artes marciais dende a liña de posta en garda 6. Obrigatorio o uso de máscara ou calquera outro sistema homologado durante os asaltos de esgrima
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Láser-Run	1 Delimitaranse rutas de acceso e saídas á área de competición separadas 2. Limitarase o acceso á área de competición unicamente a atletas e xuíces 3. Obrigatorio manter a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento 4. Non se compartirán pistolas 5. Desinfectaranse as mesas de tiro entre cada serie de láser-run
Competición - Durante	Staff propio	Contacto	Persoa a persoa	Hípica	1. Delimitaranse rutas de acceso ao recinto de competición 2. Os responsables das instalacións deberán garantir a hixiene e desinfección das mesmas, supervisado polos organizadores da competición

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

6. PLAN DE ALARMA- COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE[A22] SINTOMATOLOXÍA COVID-19[A23]

- No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao Servizo Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade https://coronavirus.sergas.gal/Informacion-para-outros-colecti?idioma=ga . Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros[A24].

En referencia ao anterior **recomendase unha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte dos directivos, técnicos, axudantes, deportistas, acompañantes, público e voluntarios, antes de acudir a cada actividade ou sesión de práctica deportiva.**

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarase do grupo e conducirase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e una papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Si se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias e o establecido e publicado na web do SERGAS

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

6.1 COORDINADOR FISICOVID-DXT GALEGO DO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA* *(modificado 20/12/2020)*

Cada club/entidade deportiva designará un coordinador para a implementación, cumprimento e seguimiento do protocolo federativo, que será o único interlocutor en canto a este protocolo se refire coa Federación Galega, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento.

Co obxecto de manter unha comunicación fluída entre a Federación, a Secretaría Xeral para o Deporte e as entidades deportivas que conforman a federación, é necesario que cada unha destas últimas conte cun/cunha COORDINADOR/A FISICOVID-DXTAGALEGO e llo comunique á Federación. Preténdese definir interlocutores entre os estamentos federativos e a administración deportiva e sanitaria, para poder ter unha comunicación fluída entre todos na loita contra a COVID19 e tamén para colaborar no desenvolvemento de actividades deportivas seguras.

As funcións dese coordinador serían: implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación, e ser o interlocutor coa federación deportiva correspondente para a comunicación das incidencias que poidan xurdir no entorno da entidade respecto a presenza de sintomatoloxía COVID19 e incluso de casos positivos.

6.2 PROCEDEMENtO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE) * *(modificado 20/12/2020)*

Establécese o seguinte procedemento de comunicación das incidencias entre a entidade deportiva (Club, SAD…), a Federación Galega e a Secretaría Xeral para o Deporte, co obxectivo de poder apoiar á entidade organizadora da actividade na toma de decisións e de facilitar que flúa a información entre os axentes implicados (clubs, federación e autoridades deportivas e sanitarias):

- No caso de que nun adestramento/competición se identifique que unha ou varias persoas teña sintomatoloxía COVID19, aplicarase o procedemento establecido no apartado COMUNICACIÓN E SEGUEMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19 deste protocolo e a continuación, o COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO designado

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

pola entidade deberá contactar co seu interlocutor FISICOVID-DXTGALEGO da Federación para informar telefónicamente ou por email sobre a situación.

- A Federación deberá así mesmo informar á Secretaría Xeral para o Deporte sobre o acontecido (proceso de comunicación co SERGAS, probas realizadas, resultados, decisións do organizador do adestramento/competición sobre o desenvolvemento da actividade a partir do caso de sintomatoloxía COVID-19 (suspensión, continuidade da actividade, etc.).

- No caso de que o club sexa coñecedor de que existe un ou varios positivos entre axentes implicados na realidade deportiva da entidade, tamén se debe informar á Federación e á Secretaría Xeral para o Deporte, seguindo o procedemento sinalado no documento publicado no apartado web https://coronavirus.sergas.gal/Informacion-para-outros-colecti?idioma=ga

6.3 AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISICOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS, EVENTOS E ACTIVIDADES. * *(modificado 20/12/2020)*

Os protocolos FISICOVID-DXTGALEGO específicos dos eventos/competicións e actividades multitudinarias ás que lles sexa de aplicación este protocolo, deberán partir dunha avaliación do nivel de risco de contaxio, tomando como referencia o documento "Recomendaciones para eventos y actividades multitudinarias en el contexto de nueva normalidad por covid-19 en España" elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

(https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID19_Recomendaciones_eventos_masivos.pdf) ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

ANEXO 1[A25]

CONSENTIMENTO INFORMADO DE APLICACIÓN DO PROTOCOLO EN ACTIVIDADES E COMPETICIÓNS OFICIAIS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PÉNTATLON MODERNO

A crise sanitaria do COVID-19 fai necesaria a adopción dunha serie de medidas de prevención tendentes a cumprir os protocolos marcados polas autoridades sanitarias, que eviten o contaxio e reduzan os riscos para as persoas de cara a frear a pandemia e sendo coñecedores de que o COVID 19 é un axente biolóxico que pode causar unha enfermidade grave, supón un serio perigo para a colectividade, ten alta probabilidade de propagación e non existe a data de hoxe un tratamento ou profilaxe real para o mesmo.

O establecemento e cumprimento das citadas medidas require dunha serie de compromisos e formas de actuación por parte, fundamentalmente, de organizadores e participantes.

A lectura e aceptación do presente documento é condición indispensable para tomar parte en actividades e competicións que como evento deportivo se desenvolvan baixo a dirección dun organizador e aval do calendario oficial da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno.

Todo/a deportista, coa formalización da súa inscrición, asina e acepta as presentes medidas e as que se puidesen tomar para evitar a propagación da pandemia, así como o seguinte Descargo de Responsabilidade

DESCARGO DE RESPONSABILIDADE COVID19

A crise sanitaria do COVID-19 fai necesaria a adopción dunha serie de medidas tendentes a cumprir os protocolos marcados polas autoridades sanitarias. O establecemento e cumprimento das citadas medidas require dunha serie de compromisos e formas de actuación por parte, fundamentalmente, de organizadores e participantes. A lectura e aceptación do presente documento é condición indispensable para tomar parte nas competicións da FEGATRI

1.-Que é coñecedor/a do protocolo e guía actualizada, publicada polas federacións Española e Galega de Tríatlon (https://fegatri.org/covid-19/) en relación coa presenza e participación en probas deportivas xerado con ocasión da crise sanitaria do COVID 19.

2.- Que se compromete a cumprir todas as esixencias ou simples recomendacións que conteña tal protocolo ou guía así coma as instrucións que sexan dadas polas autoridades deportivas ou persoal de organización presentes na competición en relación coas medidas para evitar contaxios por COVID 19

3.- Que se compromete a non acudir nin tomar parte no evento ou competición no caso de que padecese síntomas que puidesen ser compatibles co contaxio do COVId-19. O anterior resultará extensivo, igualmente, aos casos en que os síntomas fosen sufridos por terceiros con quen a persoa participante teña ou tivera un contacto do que obxectivamente puidese derivarse un contaxio.

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

4.- Que no caso de estar ou ter estado contaxiado polo virus do COVID-19, se compromete a non acudir nin tomar parte no evento ou competición en tanto en canto as autoridades sanitarias non manifesten que a participación non entraña un risco, ben para a súa persoa, ben para o resto de asistentes cos que puidese ter un contacto .

5.- Que cos medios ao seu alcance, e en todo caso cando se tivesen dado circunstancias que o aconsellen, se someteu aos test existentes para comprobar se está ou estivo contaxiado polo COVID-19

6.- Que é coñecedor/a e acepta e asume que , no actual estado, existe un obxectivo de risco de contaxio de COVID-19 coas consecuencias que disto se puideran derivar para a súa persoa en termos de saúde ou problemas que, incluso, puidesen ocasionarlle a morte.

7.- Que acepta que a Federación e organización adopten as medidas que se indican no protocolo e guía que publicados en aras a establecer un razoable escenario de seguridade na competición. En tal sentido, faise constar que a Federación, no curso da competición, poderá adoptar as medidas e decisións que sexan precisas en relación co establecemento ou aplicación das medidas e decisións que sexan precisas en relación co establecemento ou aplicación das medidas que se conteñen no seu protocolo e guía publicada ou cales queira outras que tivesen por finalidade dotar á proba dun entorno seguro en termos de evitar o contaxio por COVID 19

8.-Que en caso de resultar contaxiado por COVID-19, o/a participante exonera á Federación e organización de calquera responsabilidade en relación cos posibles danos ou prexuízos que puidesen derivarse para a súa persoa.

9.- Que o/a participante acepta que cando se chegase a adoptar medidas e decisións por parte da Federación co obxectivo de preservar a saúde das persoas no curso da competición non se poderán considerar incumpridas as obrigas esenciais do organizador, polo que non se poderá esixir o pagamento de cantidades, indemnizacións, ou devolución de prezos ou importes en concepto de inscrición ou dereitos de participación ou custes nos que tivese incorrido o/a deportista e /ou o seu club.

10.- Que o/a participante acepta que si se amosase pola súa parte unha conduta ou comportamento de inobservancia ou incumprimento das ordes e instrucións do persoal de organización en relación coas medidas de seguridade para evitar contaxios por COVID-19, poderá ser excluído/a ou descualificado/a do evento por decisión de quen actúe como autoridade deportiva (xuíz/a-arbitro/a ou delegado/a Técnico/a)

11.- Que o/a participante acepta que as medidas de carácter deportivo expostas no apartado anterior se entenden sen prexuízo doutras responsabilidades que aquel ou aquela puidese chegar a asumir ante as autoridades competentes(incluídos os órganos disciplinarios federativos) como consecuencia dunha conduta ou comportamento de inobservancia ou incumprimento das ordes e instrucións que sexan de aplicación, ben no ámbito deportivo-federativo, ben noutros ámbitos diferentes.

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE DEPORTISTAS MAIORES DE IDADE

D/Dª_____.con DNI/NIE _____. teléfono de contacto club_____

EN RELACIÓN Á SÚA PARTICIPACIÓN

Na actividade_____- organizada pola Entidade _____-

que se desenvolve en _____- o día____ de_____ de 2020.

DECLARA:

- *Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva da FEGATRI e comprométese ao seu cumprimento de forma exhaustiva.*
- *Que a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, son consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva nunha situación pandémica como a actual.*
- *Que non padecín síntomas do Covid-19 nos últimos 15 días:*
    - Cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.
    - Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxa, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoien a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.
- Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 14 días.
- Que avisarei, de forma inmediata, ao Servizo Galego de Saúde se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.

A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas e medidas establecidas no protocolo de actuación para a volta da actividade ciclista fronte a Covid-19

En _____, _____ de _____ de 2020.

Asdo._____

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

ANEXO 2.1

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO TITOR/A DEPORTISTAS MENORES DE IDADE

D/Dª_____.con DNI/NIE _____._____ en calidade de pai/nai/titor-a do/a deportista interesado/a (menor de idade) _____,

con DNI/NIE nº _____,

DECLARO baixo a miña responsabilidade que solicito que o neno ou nena cuxos datos figuran no encabezamento participe na actividade _____, para o cal lin con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación, expreso o meu compromiso coas medidas de hixiene e prevención obrigatorias e asumo toda a responsabilidade fronte á posibilidade de contaxio por Covid-19.

(Marque cun X no que proceda.)

Declaración responsable de non formar parte de grupos de risco nin convivir con grupo de risco.

	Declaro que o/a interesado/a cumpre os requisitos de admisión establecidos no protocolo ……, non sendo grupo de risco.
	Declaro que o/a interesado/a non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que, no caso de que sexa así, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
	Comprométome a notificar diariamente o estado de saúde á entidade organizadora

Aceptación das medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias fronte á Covid-19

	Lin e acepto os compromisos requiridos no protocolo FEGATRI

Declaración de ter lido e aceptada a información proporcionada pola organización sobre a adaptación da actividade á Covid-19

	Declaro que lin o protocolo de adecuación da actividade á Covid-19 da entidade responsable da actividade e que por tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
	Declaro que lin o Protocolo de prevención e de actuación en caso de risco de contaxio ou contaxio positivo da entidade responsable da actividade.
	Comprométome a notificar diariamente o estado de saúde á entidade organizadora

Consentimento informado sobre Covid-19

	Declaro que, tras ter recibido e lido atentamente a información contida nos documentos anteriores das bases de participación, son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola Covid-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade

En _____a _____de _____de 2020

Asdo:

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

ANEXO 3

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CLUBS, ORGANIZADORES E ENTIDADES INTEGRADAS NA FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PÉNTATLON MODERNO

D/Dª_____.con DNI/NIE _____. como responsable do club/escola/organización _____con teléfono de contacto

Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, polo que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte, ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, polo que se aproba o protocolo Fisicovid-DXTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito de deporte federado de Galicia.

DECLARA:

- *Que coñece o protocolo de volta á actividade deportiva da FEGATRI e comprométese ao seu cumprimento de forma exhaustiva.*
- *Que a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, son consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva nunha situación pandémica como a actual.*
- *Que recibín e lin o* Protocolo COVID-19 da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia con data 17/08/2020 , modificado conforme ás directrices da SXD de 28/12/2020, e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón, aplicando as mesmas á actividade desenvolvida no club/escola/ organización á que represento.
- Que o club/organizador **adquire os seguintes compromisos** en relación ao Protocolo COVID-19 da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno anterior:
  - Ler e aplicar as distintas actualizacións do Protocolo COVID-19 que reciba vía mail e que se fagan públicas na web da FEGATRI www.fegatri.org.
  - **Notificar inmediatamente** á Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno **calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19** dos axentes implicados no desenvolvemento da súa actividade como club (corpo técnico, directivo, familias...)/Organizador.
- Asemade, nomeo como persoa que asumirá labores de coordinación e seguimento do COVID-19 no noso club/escola/organización a
-

  D/Dª_____ con DNI/NIE _____

  Teléfono de contacto_____ email _____

  En _____a _____de _____de 2020

  Asdo:_____

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

10 INFOGRAFÍAS

INFORMACIÓN SERGAS

MINISTERIO DE SANIDADE

¿Qué es el nuevo coronavirus SARS-CoV-2?

Los coronavirus son una familia de virus que normalmente afectan sólo a animales, aunque en ocasiones pueden transmitirse a las personas.

El SARS-CoV-2 es un nuevo tipo de coronavirus detectado por primera vez en diciembre de 2019. Este nuevo virus puede afectar a las personas y produce la enfermedad COVID-19.

Consulta fuentes oficiales para informarte
www.mscbs.gob.es
@sanidadgob

¿Cómo se transmite el nuevo coronavirus?

La transmisión se produce por contacto estrecho con las secreciones respiratorias que se generan con la tos o el estornudo de una persona enferma.

Estas secreciones podrían infectar a otra persona si entrasen en contacto con su nariz, sus ojos o su boca.

Es poco probable la transmisión por el aire a distancias mayores de uno o dos metros.

Consulta fuentes oficiales para informarte
www.mscbs.gob.es
@sanidadgob

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

¿Qué les digo a niños y niñas sobre el coronavirus?



Puedes comenzar preguntándoles qué saben sobre el coronavirus. Responde a todas sus preguntas de manera sencilla y transmitiendo calma.

1 Es un nuevo virus que se descubrió en China en diciembre de 2019

2 Los síntomas más frecuentes son:

FIEBRE

TOS

SENSACIÓN de FALTA de AIRE

Normalmente los casos presentan síntomas leves

3 Recuérdales que está en su poder protegerse. ¿Cómo?

Lávate las manos frecuentemente con agua y jabón

Al toser o estornudar, cúbrete la boca y la nariz con el codo flexionado o con un pañuelo desechable y tíralo a la basura

Evita tocarte los ojos, la nariz y la boca, ya que las manos facilitan la transmisión

Si te encuentras mal, avisa a un adulto

Es un momento crucial para enseñarles buenas medidas de higiene para toda su vida.

6 marzo 2020

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD

Rúa Castelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org

Virucidas autorizados en España

Pódese consultar a listaxe de virucidas autorizados en España a través da seguinte ligazón:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf

11.- **Información Oficial e referencias^**

Organización Mundial da Saúde

https://www.who.int/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019/technical-guidance-publications,

Ministerio de Sanidade

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm,

Unión Internacional de Triatlón

https://www.triathlon.org/about/downloads/category/medical

Ferramenta de avaliación IAAF

https://idom.worldathletics.org/risk-assessment-tool/

Normativas da Xunta de Galicia e especificamente da Secretaría Xeral para o Deporte

Federación Española de Triatlón
Federación Española de Péntatlon Moderno
https://fegatri.org/covid-19/